

**CONCELLERÍA  
DE  
XUVENTUDE**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Asunto: Xustificación das subvencións nominativas no orzamento 2020.

**3370 4890003 SUBVENCIÓN LUDOTECA APAMP Importe 24.500,00€**

APAMP, Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral  
C.I.F. G-36624120

***XUSTIFICACIÓN DO SEU CARÁCTER NOMINATIVO.-***

O obxecto da presente subvención é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer do colectivo infantil con necesidades de integración e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Na devandita subvención concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Asociación APAM é a única entidade que desenvolveu este programa xeito continuado dende o ano 2002 , contando cun espazo adecuado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal.

**3370 4890004 SUBVENCIÓN LUDOTECA AV CORUXO Importe 24.500,00 €**

**Nota:** Na descrición da aplicación orzamentaria debería figurar Subvención Programa de Dinamización Infantil , pois non contan con autorización de Xunta de Galicia para o desenvolvemento dunha Ludoteca. Compre cambiar a denominación.

Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo

CIF G36627495



## **XUSTIFICACIÓN DO SEU CARÁCTER NOMINATIVO.-**

O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2002 na realización de actividades deste tipo, as cales permiten ofrecer aos cidadáns desta parroquia uns servizos que a administración municipal non podería prestar por si mesma.

Así o obxecto do presente convenio é desenvolver na parroquia de Coruxo un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer dos/das máis novos/as e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do CEIP Tintureira, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO é a única entidade que desenvolveu en Coruxo este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezasete anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. En xuño, a partir das vacacións escolares e en xullo, o horario será de 09:30 a 13:30 h, excepto o mes de agosto que non se prestará o Servizo.

**3370 4890002 SUBVENCIÓN LUDOTECA AV LAVADORES      Importe  
28.000,00 €**

**Nota:** Na descrición da aplicación orzamentaria debería figurar “**Subvención Programa de Dinamización Infantil**”, pois non contan con autorización de Xunta de Galicia para o desenvolvemento dunha Ludoteca. Compre cambiar a denominación.

Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores  
CIF: G36633618

## **XUSTIFICACIÓN DO SEU CARÁCTER NOMINATIVO.-**

A Asociación Veciñal,Cultural e Deportiva de Lavadores vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades deste tipo, as cales permiten ofrecer aos cidadáns desta parroquia uns servizos que a administración municipal non podería prestar por si mesma.

Así o obxecto do presente convenio é desenvolver na parroquia de Lavadores un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer dos e das máis novos e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións da citada asociación, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.



Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

A Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é a única entidade que desenvolveu en Lavadores este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal.

Vigo, na data da sinatura dixital  
Pilar Carneiro Miniño  
Xefa do Servizo de Xuventude



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2019 11:38

Páxina 3 de 3

Expediente 62/142

CSV: 2DE5C6-D554EC-578FA6-M9SD6P-RVMDEA-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>